



## **BASES REGULADORAS DO CONCURSO INFANTIL DE TARXETAS DE NADAL ANO 2023.**

### **1. Destinatarios**

Dirixido ós/ás nenos/as do Concello de Barbadás, que estén matriculados/as en educación primaria ( dende 1º ata 6º).

### **2. Categorías**

Establécense dúas categorías:

- Alumnos/as de 1º a 3º de Primaria.
- Alumnos/as de 4º a 6º de Primaria.

### **2. Normas de participación**

As tarxetas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- O tema da tarxeta é o espírito do Nadal e poderá conter de forma libre calquera aspecto relativo a estas festas, valorarase a orixinalidade e a capacidade creativa.
- Estar presentado en cartolina ou papel, tamaño DIN A5 (medio folio normal, 15x21centímetros).

### **3. Lugar e prazo de presentación**

As tarxetas poderán presentarse na Casa da Cultura deixándoas no buzón habilitado para tal efecto ou nos CEIP Filomena Dato e O Ruxidoiro ( conxerxería).

O prazo de presentación será dende o día 9 de novembro ata o 20 de Novembro de 2023.

As tarxetas deberán presentarse en sobre pechado con pseudónimo e idade, dirixido a Concellaría de Educación de Barbadás “Concurso de Tarxetas de Nadal 2023”, e incluíndo no interior outro sobre pechado cos datos persoais: nome e apelidos, dirección, idade e nº de teléfono.



### 4. Resolución do concurso

- A tarxeta elexida, por parte do xurado, como a mellor de calquera das dúas categorías poderá ser utilizada para o Programa Cultural destas datas, as postais finalistas poderán ser utilizadas para felicitar o Nadal por parte do Concello de Barbadás.
- O xurado estará composto pola Concelleira de Educación, coordinador da Casa de Cultura e por un membro de cada un dos equipos directivos dos CEIP do Concello de Barbadás.
- O nome dos/as seleccionados/as como mellores tarxetas (dous por categoría) publicarase na páxina web do Concello de Barbadás ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)) a partir do 22 de novembro de 2023.
- O día 22 de decembro, no lugar e hora que se indique ná publicación citada anteriormente, os/as nenos/as que elaboraron as tarxetas seleccionadas, terán unha recepción por parte de Papa Noel, acompañada de moitas solpresas.

***A participación no concurso suporá a aceptación das presentes bases.***

***A Concellaría de Cultura resérvase o dereito a realizar os cambios que poida considerar necesarios.***